



# XOVES

## I+D+i

Estimados/as amigos/as:

Os vindeiros 26 e 27 de novembro celebrarase no Parque Tecnolóxico de Galicia (Tecnópole) o **Encontro Agrobiotech Innovación**, un congreso multisectorial dos sectores biotecnolóxico, agroalimentario e biomasa. Esta acción está enmarcada no **Programa Agrobiotech Innovación** e organizada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Axencia Galega de Innovación e o Parque Tecnolóxico de Galicia (Tecnópole).

O obxectivo principal deste encontro é establecer un contacto inicial entre empresas compradoras e vendedoras destes sectores de tal xeito que se **xeren sinerxias positivas de negocio** para ambas partes (captación de novos clientes, coñecemento de novos provedores, apertura de novos mercados, etc.). Polo tanto, o público ao que vai dirixido o evento son as empresas demandantes e ofertantes de produtos, servizos ou tecnoloxías, a administración autonómica, os clústers e asociacións e os centros tecnolóxicos máis relevantes nos sectores da **biotecnoloxía, agroalimentación e biomasa**.

O congreso terá un formato áxil e práctico e contará, entre outras, coas seguintes actividades:

- Relatorios, mesas e obradoiros nos que participarán empresas e expertos en temáticas de interese para cada un dos sectores.
- Área de exposicións.
- Reunións One to One.
- Espazo de Networking permanente.

Se queres inscribirte, como expositor ou como visitante, pincha na seguinte [ligazón](#) . Ambas modalidades de inscrición son gratuítas. Para máis información sobre o encontro ou calquera dúbida sobre como participar no mesmo podes contactar a través do enderezo electrónico [encuentro@agrobiotechinnovacion.es](mailto:encuentro@agrobiotechinnovacion.es) ou a través do teléfono 661 676 835.

Agardando que esta información sexa do teu interese, despedímonos até o próximo xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí. Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a [informa.gain@xunta.es](mailto:informa.gain@xunta.es).